

## Autopoética

Unha parte da miña obra, como *Metamorfosis benezianas* e *De soños e derribos* pertence, máis que á literatura fantástica, a un xénero de mestizaxe de elementos reais un a un pero inconsistentes entre si. Interésame este realismo inesperado que xorde da combinación doutros dous.

Tamén me interesou o elemento “verdade” que hai en todo texto, sexa ou non de ficción. As veces moi difícil de localizar, este elemento é o que produce emoción, unha das finalidades da obra literaria. A buscar este elemento adiquei o resto dos meus libros ata o momento (*Lapidario dos heterodoxos*, *Bestiario dos descontentos*, así como outros dous libros inéditos).

## Blunden

Unha mañá Blunden, o primeiro oficial, chamou ó marifeiro de garda ó seu camarote. Cando este entrou encontrouse con que Blunden estaba deitado no seu catre, coa guerreira abotoada ata o colo e fumando tranquilamente, pero coa mirada perdida polos cravos simétricos do teito.

-Fillo -díxolle coa mesma tranquilidade-, quedeime cego. Creo que será mellor que llo vaias dicir ó capitán.

O resto da viaxe pasouna a maior parte do tempo na cuberta, apoiado na baranda e a mirada a vagar no vacío. Todos a bordo mirábano con compasión. “Pobre diaño

---

(\*) Miguel-Anxo Murado naceu en Lugo en 1965. Aos dezasete anos de idade unha novela súa en castelán, *Metamorfosis benezianas*, fixoo acreedor do Premio “Café-Gijón” de novela. A este libro foron seguindo outros en galego que abranguen diversas facetas, desde o libro de contos (*De soños e derribos*, 1987), pasando pola poesía (o recente *Lapidario dos heterodoxos*, 1990) e formas novas de narrativa breve, como o *Bestiario dos descontentos*, 1986.

Ademais da súa actividade como autor de libros, Miguel-Anxo Murado é así mesmo guionista de cine e televisión, articulista e traductor do inglés e o italiano.

de Blunden'' -dicían- ''está acabado'', e procuraban non facerllo máis difícil. El era, sen embargo, o que non deixaba que llo fixesen demasiado fácil. Rexeitaba toda axuda para atravesar a cuberta ou para subir e baixar as escaleriñas metálicas. Mesmo negouse a que o vise un médico. Todo o que facía era estar en cuberta ou recorrendo o barco, tocándoo todo e contando os pasos que había dun lugar a outro.

-¿Sabes, fillo?- explicáballe a un dos xoves marifeiros portugueses- isto é unha batalla da memoria. E eu nisto teño sorte, sempre fun un tipo con boa memoria.

Só paraba para comer, durmir e realizar algúns traballifños que se lle encargaban, cousas que el poidese facer. Todo porque insistiu en que así fora.

Os demais preguntábanse que había ser del cando volvesen á casa. Estaba craro que xa non podería servir para grande cousa. Cando alguén lle falaba do asunto el trouleaba acerca da pensión que lle ía dar a Compañía.

-Despois de quince anos, espero que non se porten demasiado mal. Supoño que será o suficiente para unha mecedora. É todo o que vou necesitar. A partir de agora han cuidar de min, rapaces. Acabouse o traballo duro, si señor.

E dicíao cun sorriso esaxerado que facía que todos sentisen mágoa sen pretendelo.

Tiña muller e dous fillos. A partir da primeira semana deulle por ir mostrándolle fotos a todo o mundo. Cando se sentía só chamaba a alguén e poñíase a explicarlle:

-Esta é a miña muller. Bonita ¿verdade? Afortunadamente é francesa. Iso é unha sorte, fillo. As francesas son todas moi agarimosas. Ela mirará por min. Inda que imaxino que pensa facerme traballar moito no xardín. Pero está ben, está ben, a ela gústanlle as flores e eu non vou estar moi ocupado agora.

No regreso desa viaxe fixeron escala en Río. Atracaron un domingo nun costado da baía. Ao fondo poñíanse en pé os altos edificios de oficinas envolvidos na luz calixinosa dos trópicos e as favelas das barriadas pobres trepaban coma videiras polas abas, miserables e primitivas. Unha cidade chea de color e miseria, vívida e directa. Pero nada disto viu Blunden, sumido na súa escuridade.

O capitán díxolle a Blunden:

-Blunden, escoite e non sexa testán: eu dígolle que baixe e se faga mirar por un especialista. Quen sabe, pode que o seu aínda teña cura. Eu prométole que farei todo o que estea da miña man para que os gastos corran á conta da Compañía.

Mais Blunden era un irlandés tenaz, un xigante de Kerry. Seguía negándose.

-¿Para qué, capitán? -dicía. Deus castigoume e iso para min abonda. Quedarei a bordo e seguirei practicando ¿É que non me viu? ¡Xa case podo correr coma un galgo por este maldito barco!

142 Había quen pensaba que Blunden intentaba convencer a todos de que aínda servía para seguir navegando. Pero esta era unha idea absurda.

Era preciso realizar algunha reparacións no barco, polo que este permaneceu ancorado tres días naquel lugar. De vez en cando a tripulación achegábase por alí e sempre atopaban a Blunden arriba e abaixo por toda a cuberta, batendo con cubos, cordas, cos marcos das portas, dándose golpes tremendos na cabeza, pero insistindo unha e outra vez.

-¡Vós sodes unhas bestas! -dicíalles cun vago sorriso- ¡non pensades máis que en burdeis e tabernas! Pero mentres vós gañades a pulso o inferno eu aprendo a andar por este mundo difícil.

Outras veces dicía:

-O mundo é duro, é vinagre. Deus debeu crealo, pero creuno e nós temos que vivir nel o mellor que poidamos.

Só ó final aceptara a axuda dun caxato.

Cando sentía alguén cerca berraba:

-¡Vou progresando, rapaz, vou progresando!

-Blunden -insistía o capitán- vostede é moi alto para comportarse coma un neno. Convéñzase, o seu pode ter solución. ¿Que pretende, romperse a espalda no meu barco? Tefía siso e baixe a terra.

Imposible. Pero polo menos conseguira que todos o admirasen. En tan só tres semanas fixera grandes avances. O seu parecía unha extraordinaria capacidade para sobrepoñerse á desgracia. Mesmo empezaban a facerse algunhas bromas á súa costa.

Un día, entrou a comer rezongando e maldecindo. Ao que estaba ó seu carón confesoulle que non daba atopado a maquiníña de afeitar, que en realidade non daba atopado nada no seu cuarto.

-¡Deus bendito! ¡É un condenado desorde! -e repetíase para si o propósito de ser máis ordeado e máis atento.

-Vai a modo, Blunden, non podes facelo todo perfecto- díxéronlle.

Mais el non estaba convencido.

-Todo é unha cuestión de atención, rapaces. So é iso: atención, ¡atención! ¡atención! -e seguiu repetindo esa palabra cada vez máis enfurecido e acompañándoa de golpes de bastón no chan ata que por fin se calmou, cando alguén amenazou con botalo pola borda se non os deixaba comer en paz.

A partir dese día, foi volvéndose máis irascible. Cada vez que caía ou tropezaba con algo ou con alguén poñíase tolo e comezaba a soltar os puños en todas direccións, tambaleándose coma se estivera bébedo. Aos poucos días, empezou a molestar a todos cunha manía absurda. Lembrara algo de repente: que o horto da

súa casa terminaba nun talude de cemento que daba a unha carreteira. Unha noite, comunicoulle a un que tiña medo de caer dalí en baixo e matarse cando estivese traballando no xardín.

Todos lle dicían, xa bastante amolados por ter que repetirillo unha e outra vez, que aquilo era unha tontería, pero el xa non escoitaba a ninguén. Volveu a beber e pasou os últimos días na proa, maldicindo e blasfemando. Non mudaba a roupa, nin se lavaba, e recorría a cuberta coma un mendigo con barba de seis días.

Cando o barco chegou ó porto, a súa muller estábao esperando no peirao con outros familiares. Era unha muller miúda e loira. O capitán avisáraa. Díxolle que Blunden estaba pechado no camarote desde había horas e que non quería falar con ninguén.

-Non se preocupe, señora -tranquilizouna. Terá que facerse á idea lentamente. Todos estes días estivo facendo algunhas tonterías pero terminará por comprender.

Cando o sacaron ó día seguinte levaba un impermeable azul cubríndolle os ombros e unha expresión de terror no rostro. Non permitiu que lle axudaran o máis mínimo a baixar pola pasarela.